Cooperativismo e Economía Social, nº. 23 (2000/2001), pp. 143-145. Universidade de Vigo

CONSTITÚESE O CONSELLO GALEGO DE COOPERATIVAS

Ramón Carmelo RODRÍGUEZ PADÍN
Xerente da Federación
de Cooperativas Sinerxia

O pasado mes de Marzo celebrouse en Santiago de Compostela o acto de constitución do Consello Galego de Cooperativas, que pretende ser o máximo órgano de promoción e difusión do cooperativismo en Galicia. Realizase unha breve crónica do acontecido neste acto.

Unha vez rematado o proceso de negociación entre as asociacións de cooperativas e a Xunta de Galicia dos contidos do decreto regulador do Consello Galego de Cooperativas e a publicación do mesmo no Diario Oficial de Galicia do 7 de febreiro de 2001, celebrouse o acto de constitución do mesmo nas dependencias de San Caetano en Santiago de Compostela o pasado 21 de Marzo.

Ao mesmo asistiron representantes das diferentes asociacións de cooperativas galegas (AGACA, SINERXIA, UCETAG, EIXO, UGACOTA, UCAFE, UGACOVI e ACAP), das institucións que estarán representadas no Consello (FEGAMP, Caixa Rural de Lugo), do goberno galego (Presidente da Xunta de Galicia e as Consellerías de Xustiza, Familia, Educación, Agricultura e Pesca) e outras personalidades.

O acto constou de tres partes. A primeira, na que o Director Xeral de Relacións Laborais, José Vázquez Portomeñe, explicou aos presentes o proceso de xestación do Consello. A seguir, Avelino Pousa Antelo (Presidente da Fundación Castelao) expuxo a influencia socioeconómica do cooperativismo en Galicia, desde un punto de vista histórico. Para rematar esta primeira parte, Manuel Gómez Alvárez, representante de COREN, fixo un diagnóstico xeral da situación do cooperativismo na actualidade, nomeadamente, no sector agrario.

A segunda parte consistíu na constitución da mesa presidencial que coordinará o acto, e que estivo formada polos Presidentes das asociacións de cooperativas con representación no Consello (AGACA, SINERXIA, UCETAG, UGACOTA e UCAFE), os Conselleiros de Xustiza e Familia e o Presidente da Xunta de Galicia.

Na terceira e última parte do acto, Manuel Fraga Iribarne como Presidente da mesa, concedeu a palabra ao Conselleiro de Xustiza e Presidente do Consello, Antonio Pillado Montero, o cal na súa intervención resaltou que este acto supoñía o comezo dunha nova e fructífera etapa para o cooperativismo galego, agradeceu o esforzo realizado pola Dirección Xeral de Relacións Laborais para acadar este obxectivo, remitíuse á Lei de Cooperativas de Galicia para declarar que o Consello deberá cubrir a lagoa existente nas relacións entre as propias cooperativas e destas coas Administracións Públicas, así como as demáis funcións que deberá desenvolver dacordo co establecido no devandito texto legal (consultiva, asesora, arbitraxe, promoción e fomento formativo, educativo, investigador, planificador e de desenvolvemento de programas). Para rematar a intervención dou ánimos a todos os componentes do Consello para tirarlle o máximo rendemento ao mesmo en beneficio do cooperativismo e manifestando que o seu carácter plural é máxima garantía do seu porvir prometedor.

A seguir, tomaron posesión as persoas nomeadas para representar as entidades conformantes do Consello. En primeiro lugar, os representantes das asociacións de cooperativas galegas que en función dos parámetros establecidos no decreto regulador do Consello estarán distribuidos asi :

- AGACA (Asociación Galega de Cooperativas Agrarias) con tres representantes
- Federación de Cooperativas SINERXIA con dous representantes, un deles pertencente á Unión de Cooperativas de Ensino de Traballo Asociado de Galicia (UCETAG).
- Unión Galega de Cooperativas de Traballo Asociado (UGACOTA) e a Unión de Cooperativas Agrarias de Ferrol (UCAFE) cun representante cada unha.

A Caixa Rural de Lugo, cooperativa de crédito, malia non ser asociación de cooperativas contará cun representante, dacordo co establecido na Lei de Cooperativas de Galicia.

Os restantes nomeados foron o representante da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP). Por parte da Xunta de Galicia, además do Conselleiro de Xustiza que ostentará a Presidencia do Consello e da Subdirectora de Traballo que ostentará a secretaría, foron nomeados un representante das Consellerías de Familia, Agricultura, Educación e Pesca. O nomeamento do representante das universidades galegas non se realizou neste acto ao non contar coa proposta do Consello Universitario de Galicia e que final-

mente foi publicado no DOGA do 25 de Maio de 2001 e recaíu na persoa de Ubaldo Rivas Romero.

Unha vez rematado o nomeamento dos membros do Consello, o Conselleiro de Xustiza declarou formalmente constituido o Consello Galego de Cooperativas.

En representación das asociacións de cooperativas galegas, tomou a palabra o Presidente de AGACA, Venancio M. Rocha, quen transmitíu a satisfacción do movemento cooperativo galego pola constitución do Consello e as grandes esperanzas postas no mesmo para a promoción e apoio do cooperativismo. Enfatizou a obriga dos poderes públicos de promocionar o cooperativismo como fórmula de desenvolvemento económico e social, tendo en conta tanto o establecido na Constitución Española e o Estatuto de Autonomía de Galicia. Contextualizando o cooperativismo en Galicia, fixo fincapé no peso e importancia na estructura socioeconómica desta fórmula empresarial no noso país e as súas enormes posibilidades como creadora de riqueza e emprego. Considerou que a presencia do cooperativismo en Galicia así como a súa filosofía de empresa baseada na participación e no compromiso son razóns dabando para apoiar a existencia e o labor do Consello. Por último, manifestou a vontade do movemento cooperativo galego de achegar a realidade do sector ao Consello, agardando recibir das Administracións Públicas colaboración e respecto ao que representa o cooperativismo.

O acto pechouse cunha breve intervención do Presidente da Xunta de Galicia, Manuel Fraga Iribarne, na que resaltaron as seguintes ideas forza :

- A capacidade da fórmula cooperativa para transformar os recursos materiais e humanos en realidades creadoras de riqueza e benestar social, así como a súa eficiencia como empresa para dinamizar o seu contorno social, redistribuir os recursos e prestar servizos de natureza social.
- O labor das asociacións de cooperativas e da Xunta de Galicia e outras institucións públicas no fomento do cooperativismo.
- O nacemento do Consello como o comezo dunha nova etapa na que se pretende unir esforzos para consolidar o cooperativismo como fórmula empresarial eficiente.
- O papel protagonista que deberá ter o Consello no proceso de vertebración económica e social de Galicia.
- O desafío do Consello, entre outros, de coordinar aos distintos axentes públicos e privados que interveñen no mundo cooperativo e a adecuación das súas actuacións coas necesidades e medios dos que se dispoña.
- En pro do desenvolvemento de Galicia e das estructuras sociais e económicas solicita das institucións e do movemento cooperativo representados no Consello, unha aposta decidida polo mesmo, presidida pola súa colaboración e participación.